

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Literatura infantil

## Marcos Calveiro gaña o Premio Ala Delta cunha novela en galego

*O carteiro de Karrada* convértese na primeira obra na nosa lingua que recibe o galardón de ámbito estatal.

M. del Río - 14:21 11/09/2007

Por primeira vez, unha obra na nosa lingua gaña o [Premio Ala Delta](#) de Literatura Infantil. *O carteiro de Karrada*, de Marcos S. Calveiro, foi seleccionada entre máis dun cento de obras escritas nas catro linguas oficiais do estado. O premio, que este ano acadou a súa edición número 18, está dotado con 12.100 euros. No seu [blog](#), o autor agradece o apoio do editor [Ignacio Chao](#) e do crítico [Martin Pawley](#), e salienta o feito de que, nunha época “en que a nosa lingua está recibindo tantos ataques”, se recoñeza unha obra escrita en galego.

### Vieiros: Como se sente despois de gañar o premio?

Marcos Calveiro: Recoñezo que estou encantado co meu éxito persoal, pero tamén con que fose en galego, de entre 150 obras que se presentaron. Son bastante belixerante co tema do galego, e creo que é o máis importante que se recoñeza o valor da lingua.

### V: E cal é o argumento da novela?

M. C.: Céntrase na vida diaria dunha familia en Bagdad, na barriada de Karrada. Hai un neno, Abdul, e o seu pai, que é carteiro.

### V: É a primeira vez que se presenta ao premio?

M. C.: Non só iso. Tamén é a primeira vez que escribo unha obra infantil. Antes escribira dúas novelas xuvenís, *Sari, soñador de mares*, e *Rinocerontes e quimeras*, publicados por [Tambre](#).

### V: Cando sairá á venda *O carteiro de Karrada*?

M. C.: Sairá publicada antes do Nadal, pero aínda non sei a data concreta, porque a nova de que gañara o premio aínda ma comunicaron o venres. Sairá en galego e en castelán simultaneamente, e máis adiante traducirase ao éuscaro e ao catalán. Precisamente, agora sae en catalán *Sari, soñador de mares*, a miña

primeira novela.

**V: O feito de ser un premio a nivel estatal, tamén é un fito para a nosa lingua?**

M. C.: Despois de ter saído tantas novas nos xornais estatais criticando o decreto do ensino, o himno, paréceme moi importante que un galeguiño de Vigo acabe poñendo unha pica en Madrid. Tamén influiría na decisión do xurado o feito de que se ambiente en Iraq, pero, para min, é un *pelotazo*.